

ASUNTO: AXUDAS REXENERACIÓN

Informamos da publicación no DOG núm. 20, do 31 de xaneiro de 2022, da *ORDE do 30 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2022, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE209B).*

Pódese acceder a Orde a través do seguinte enlace:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220131/AnuncioG0427-050122-0001_gl.pdf

Poderán ser beneficiarias das subvencións as confrarías de pescadores, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais do sector e as demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector.

Poderán ser **obxecto de subvención**, proxectos colectivos que teñan por obxecto **recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro** ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños, como pode ser a **repoboación ou reintrodución de especies autóctonas**.

O prazo para presentar as solicitudes de axudas **remata o 1 de marzo de 2022**

Ames a 31 de xaneiro de 2022

O Presidente,

	FEDERACIÓN GALEGA CONFRARIAS PESCADORES
31/01/2022	
ENTRADA	SAÍDA 53



José Antonio Pérez Sieira

Sr./a Patrón/a Maior da Confraría de Pescadores